

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, FCC aqualia, Emafesa, Espina y Delfín, Gestagua e Viaqua para a realización conxunta do proxecto de I+D+i “Alertacovid-USC/AdG”

1 Antecedentes

As augas residuais urbanas poden potencialmente ser un vector de propagación de enfermidades víricas, especialmente de virus que se transmiten pola ruta fecal-oral. Hai numerosas descrições de detección de virus en plantas de augas residuais, incluíndo Norovirus, Sapovirus, Hepatitis A virus, Adenovirus, Poliovirus o Enterovirus entre outros (Pavlov et al., 2005; Sassi et al., 2018; Symonds et al., 2016; Taboada-Santos et al., 2020). O coñecemento actual respecto ó comportamento do SARS-CoV-2 en augas residuais é moi escaso aínda que o seu RNA foi detectado en feces de individuos portadores (Holshue et al. 2020, Wölfel et al. 2020) e nas augas residuais urbanas (Medema et al. 2020; Randazzo et al. 2020; Wu et al., 2020)

Aínda que se asume que os virus envoltos non son excretados en altas concentracións, e que a súa supervivencia en augas é moi limitada, hai poucas evidencias experimentais que confirmen estas hipóteses; de feito, a transmisión deste tipo de virus a través das augas residuais foi identificada como responsable dun brote de síndrome agudo respiratorio grave (SARS) en Hong Kong no 2003 (Yu et al, 2004). Os virus envoltos, pola presenza dunha bicapa lipídica que rodea á cápside proteica, teñen unha afinidade diferente á dos virus non envoltos, con maior tendencia a adsorberse ás partículas sólidas e/ou coloidais (Ye et al. 2016).

As augas residuais urbanas constitúen unha matriz complexa na que están presentes materiais sólidos en suspensión, materia orgánica biodegradable disolta e coloidal, nutrientes, patóxenos, etc. Nas plantas de tratamento de augas residuais (EDAR) a maior parte do material sólido está separado da auga para formar a chamada liña de lodos. Os contaminantes de natureza hidrofóbica mantéñense na súa maioría pola liña de lodos, debido á súa afinidade por materiais sólidos. Do mesmo xeito, Ye et al. (2016) observaron unha adsorción máis elevada dos virus involucrados aos sólidos presentes nas augas residuais usando dous virus envoltos: o coronavirus murino e Pseudomonas.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer a colaboración científico-técnica entre Augas de Galicia, a USC, FCC aqualia, Emafesa, Espina y Delfín, Gestagua e Viaqua, na realización conxunta do proxecto de I+D+i “AlertaCovid-USC/AdG”, consistente nas investigacións necesarias para estudar o papel das EDAR como barreiras para a transmisión do SARS-CoV-2 e, en particular, a posible



presencia de material xenético procedente do virus nas diversas correntes das depuradoras, incluíndo os lodos tratados así como nos residuos de desbaste, areas e graxas, nos termos establecidos polas partes no plan de traballo que se incorpora como anexo ao convenio de colaboración

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta do proxecto, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación do proxecto, os dereitos e obrigacións das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a responsabilidade e a resolución dos posibles conflitos.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

No marco do proxecto de I+D+i “AlertaCovid-USC/AdG” validarase o protocolo “AlertaCovid-USC/AdG”, desenvolto pola USC nun traballo previo, como ferramenta que permita, no caso de ser necesario, efectuar unha alerta temperá sobre a aparición de brotes infectivos por SARS-CoV-2, con tempo de antelación para tomar as medidas acaídas para a mitigación da extensión do proceso infectivo.

A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, regula no seu artigo 34 a posibilidade de que os axentes públicos de financiamento ou execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídas as administracións públicas, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado, os consorcios e fundacións participadas polas administracións públicas, os organismos de investigación doutras administracións públicas e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poidan subscribir convenios administrativos entre eles ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta de, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.
- c) Financiamento de proxectos científico-técnicos singulares.
- f) Uso compartido de inmoables, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.



4 Estimación de custos e financiamento

O custo total do proxecto estímase en corenta e oito mil euros (48.000,00 €), Augas de Galicia achegará dentro do exercicio 2020, unha contía máxima de dezaioito mil euros (18.000,00 €), con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento para o exercicio 2020, e o gasto imputarase á conta 6232, “estudos e traballos técnicos” do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(asinado dixitalmente)

